

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE FACENDA

4242 *ORDE HAC/407/2003, do 26 de febreiro, pola que se desenvolven os artigos 3 e 4 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», e o Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro, que modifica o anterior, en relación coa provincia de Lugo e as comunidades autónomas de Cantabria e do Principado de Asturias. («BOE» 52, do 1-3-2003.)*

O Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige» («Boletín Oficial del Estado» do 23), aprobou un conxunto de medidas encamiñadas a paliar e reparar os efectos derivados do accidente sufrido polo buque «Prestige» o día 13 de novembro. Pola súa banda, o Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 14), modifica o Real decreto lei anterior á vista da evolución dos danos ocasionados polas verteduras derivadas do accidente do buque «Prestige».

Entre as devanditas medidas, os artigos 3 e 4 de ámbolos dous reais decretos lei recollen unha redución das cargas fiscais para os contribuíntes dos cales as actividades económicas se viron directa ou indirectamente afectadas polo accidente ou polas medidas de prohibición de pesca e marisqueo.

En particular, o artigo 4, puntos 1 e 2, do Real decreto lei 7/2002, na súa redacción vixente, dada pola disposición adicional terceira do Real decreto lei 8/2002, así como o artigo 4, puntos 1 e 2, do Real decreto lei 8/2002, prevén que o ministro de Facenda estableza mediante orde a redución dos signos, índices ou módulos do réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, e os índices ou módulos do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido cando se trate de actividades económicas directa ou indirectamente afectadas.

A Orde HAC/72/2003, do 22 de xaneiro («Boletín Oficial del Estado» do 25), pola que se desenvolven os artigos 3 e 4 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», regulou a aplicación das medidas para as zonas afectadas determinadas nas ordes PRE/3044/2002, do 3 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 4), e PRE/3108/2002, do 9 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 11).

A publicación da Orde PRE/88/2003, do 27 de xaneiro, pola que, para os efectos dos reais decretos lei 7/2002, do 22 de novembro, e 8/2002, do 13 de decembro, se amplían os termos municipais e núcleos de poboación da Comunidade Autónoma de Galicia e se determinan os correspondentes ó Principado de Asturias e a Comunidade Autónoma de Cantabria («Boletín Oficial del Estado» do 28), ampliou o ámbito de apli-

cación das medidas para incluír novos termos municipais e núcleos de poboación da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes á provincia de Lugo, Principado de Asturias e Comunidade Autónoma de Cantabria, respecto dos que tamén deben aplicarse medidas fiscais de axuda ós contribuíntes afectados, tendo en conta os efectos derivados do accidente do buque «Prestige» nos devanditos ámbitos territoriais.

Para facer efectiva a dita redución de cargas fiscais, este ministerio, logo do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dispuxo:

Primeiro.—As actividades económicas ás que se refire o artigo 3 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», e o artigo 3 do Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro, polo que se amplían as medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige» ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e o País Vasco e se modifica o Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, son as clasificadas nos seguintes grupos e epígrafes da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas aprobadas polo Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro («Boletín Oficial del Estado» do 29 de setembro, 1 e 2 de outubro):

- Grupo 162, «Fabricación de xeo para a venda».
- Grupo 319, «Talleres mecánicos independentes».
- Grupo 371, «Construcción naval».
- Grupo 372, «Reparación e mantemento de buques».
- Grupo 416, «Fabricación de conservas de peixe e outros produtos mariños».
- Epígrafe 422.2, «Fariñas de peixe e subproductos animais, produtos derivados da reciclaxe e transformación de residuos alimenticios e outros preparados para a elaboración de pensos».
- Grupo 434, «Industria das fibras duras e as súas mesturas».
- Epígrafe 439.1, «Cordoería».
- Grupo 464, «Fabricación de envases e embalaxes de madeira».
- Epígrafe 473.2, «Fabricación doutros artigos de envase e embalaxe en papel e cartón».
- Epígrafe 481.9, «Fabricación doutros artigos de caucho n.c.o.p.».
- Grupo 482, «Transformación de materias plásticas».
- Epígrafe 612.8, «Comercio por xunto de peixes e outros produtos da pesca e da acuicultura».
- Epígrafe 613.3, «Comercio por xunto de pezas exteriores de vestir».
- Epígrafe 615.4, «Comercio por xunto de aparellos e material radioeléctricos e electrónicos».
- Epígrafe 616.5, «Comercio por xunto de petróleo e lubricantes».
- Epígrafe 616.6, «Comercio por xunto de produtos químicos industriais».
- Epígrafe 617.9, «Comercio por xunto interindustrial (agás minería e química) doutros produtos, maquinaria e material n.c.o.p.».

Epígrafe 643.1, «Comercio polo miúdo de peixes e outros produtos da pesca e da acuicultura e de caracóis».

Epígrafe 643.2, «Comercio polo miúdo de bacallao e outros peixes en salgadura».

Epígrafe 647.1, «Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en establecemento con vendedor».

Epígrafe 651.5, «Comercio polo miúdo de pezas de roupa especiais».

Epígrafe 652.2, «Comercio polo miúdo de produtos de droguería, perfumería e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos».

Epígrafe 653.3, «Comercio polo miúdo de artigos de enxoval, ferraxería, adorno, regalo ou reclamo (incluíndo bixería e pequenos electrodomésticos)».

Epígrafe 654.4, «Comercio polo miúdo de vehículos fluviais e marítimos de vela ou motor e deportivos».

Epígrafe 654.5, «Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria (agás aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos, e fotográficos)».

Epígrafe 655.1, «Comercio polo miúdo de combustibles de tódalas clases, agás gases e carburantes».

Epígrafe 655.3, «Comercio polo miúdo de carburantes para a provisión de vehículos e aceites e graxas lubricantes».

Epígrafe 663.1, «Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente de produtos alimenticios, mesmo bebidas e xeados».

Epígrafe 677.9, «Outros servizos de alimentación propios da restauración».

Grupo 692, «Reparación de maquinaria industrial».

Grupo 699, «Outras reparacións n.c.o.p.».

Grupo 722, «Transporte de mercadorías por estrada».

Epígrafe 752.1, «Servizos de pilotaxe e prácticos en portos».

Epígrafe 752.2, «Servizos de transbordo duns barcos a outros».

Epígrafe 752.3, «Servizos de remolque de navíos».

Epígrafe 752.4, «Servizos de limpeza, desinfección e similares a cargo de persoal alleo ó barco».

Epígrafe 752.5, «Servizos de salvamento e recuperación de barcos».

Epígrafe 752.6, «Servizos de carga e descarga de buques».

Epígrafe 754.4, «Almacéns frigoríficos».

Epígrafe 855.2, «Alugueiro de embarcacións».

Grupo 913, «Servizos relacionados coa pesca e a acuicultura».

Grupo 099, da Sección Segunda das Tarifas do Imposto, «Outros profesionais relacionados coa agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca, n.c.o.p.».

Segundo.—Os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas que tributan polos grupos ou epígrafes a que se refire o punto anterior, que ingresasen o importe das cotas correspondentes ó exercicio 2002 na data de entrada en vigor do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, ou do Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro, segundo corresponda, ós que resulte de aplicación a redución prevista no artigo 3 dos citados reais decretos lei, poderán solicitar, á entidade pública que teña atribuída a liquidación do imposto, a devolución da doceava parte das cotas ingresadas cando realicen as súas actividades nos termos municipais do Principado de Asturias e a Comunidade Autónoma de Cantabria e dunha sexta parte cando se trate dos termos municipais da provincia de Lugo enumerados na Orde PRE/88/2003, do 27 de xaneiro, pola que, para os efectos dos reais decretos lei 7/2002, do 22 de novembro, e 8/2002, do 13 de decembro, se amplían os termos municipais e núcleos de poboación da Comunidade Autó-

noma de Galicia e se determinan os correspondentes ó Principado de Asturias e á Comunidade Autónoma de Cantabria.

Terceiro.—Os contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas que desenvolvan as súas actividades económicas nos termos municipais do Principado de Asturias e a Comunidade Autónoma de Cantabria que figuran na Orde PRE/88/2003, do 27 de xaneiro, que determinen o seu rendemento neto polo réxime de estimación obxectiva e realicen calquera das actividades incluídas no anexo II da Orde do 28 de novembro de 2001, pola que se desenvolven para o ano 2002 o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido («Boletín Oficial del Estado» do 30), poderán reduci-lo rendemento neto obtido por aplicación do devandito réxime en 2002 nunha doceava parte, sen ter en conta para estes efectos os gastos extraordinarios por circunstancias excepcionais. Así mesmo, os suxeitos pasivos polo imposto sobre o valor engadido que determinen as súas cotas polo réxime especial simplificado e que desenvolvan as actividades incluídas no anexo II da orde citada poderán reduci-lo importe das cotas devengadas por operacións correntes calculadas por aplicación do citado réxime en 2002 nunha doceava parte. Cando se trate de contribuíntes que desenvolvan as súas actividades económicas nos termos municipais da provincia de Lugo que figuran na Orde PRE/88/2003, do 27 de xaneiro, a redución aplicable en ámbolos dous impostos será un sexto.

Cuarto.—Os contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas que determinan o seu rendemento neto polo réxime de estimación obxectiva e que desenvolvan calquera das actividades incluídas no anexo II da Orde do 28 de novembro de 2001, pola que se desenvolven para o ano 2002 o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, reducirán nunha terceira parte o importe do pagamento fraccionado correspondente ó cuarto trimestre de 2002 cando desenvolvan as súas actividades económicas nos termos municipais do Principado de Asturias e a Comunidade Autónoma de Cantabria que figuran na Orde PRE/88/2003, do 27 de xaneiro, e en dúas terceiras partes cando o fagan nos termos municipais da provincia de Lugo que figuran na citada orde.

Quinto.—Os contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas que determinen o seu rendemento polo réxime de estimación obxectiva e os suxeitos pasivos polo imposto sobre o valor engadido que determinen as súas cotas polo réxime especial simplificado, que desenvolvan as súas actividades económicas en zonas indirectamente afectadas distintas dos termos municipais e núcleos de poboación comprendidos no punto terceiro da presente orde, poderán solicita-la redución dos signos, índices ou módulos para o exercicio 2002 na forma prevista no artigo 35 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro («Boletín Oficial del Estado» do 9), e no artigo 38 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 31).

Para estes efectos, considerarase que o prazo de trinta días que prevén os mencionados preceptos para presenta-la correspondente solicitude se iniciará o día en que entre en vigor a presente orde.

Sexto.—Os suxeitos pasivos afectados polas reducións establecidas nos puntos terceiro, cuarto e quinto desta orde que presentasen a declaración-liquidación final polo imposto sobre o valor engadido correspon-

dente ó ano 2002 poderán regularizala súa situación presentando solicitudes de rectificación da súa autoliquidación ante o delegado ou administrador da Axencia Estatal de Administración Tributaria competente por razón do domicilio fiscal do contribuínte, nos termos previstos na disposición adicional terceira do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria («Boletín Oficial del Estado» do 25).

Estas solicitudes de rectificación poderán presentarse a partir da entrada en vigor da presente orde.

Disposición adicional.

Inclúense no punto primeiro da Orde HAC/72/2003, do 22 de xaneiro («Boletín Oficial del Estado» do 25), pola que se desenvolven os artigos 3 e 4 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», as actividades clasificadas nos epígrafes 647.1, «Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor», e 663.1, «Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente de produtos alimenticios, mesmo bebidas e xeados», da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas.

Disposición derradeira única.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de febreiro de 2003.

MONTORO ROMERO

Excmos. Sres. Secretario de Estado de Facenda e director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4245 *REAL DECRETO 253/2003, do 28 de febreiro, polo que se incorpora ó ordenamento español a Directiva 1999/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xuño de 1999, pola que se establece un mecanismo de recoñecemento de títulos respecto das actividades profesionais a que se refiren as directivas de liberalización e de medidas transitorias. («BOE» 52, do 1-3-2003.)*

A Directiva 1999/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xuño de 1999, a recepción da cal no ordenamento xurídico español é obxecto deste real decreto, constitúe unha consecuencia ineludible de dúas das liberdades básicas do sistema comunitario, a liberdade de establecemento e a libre prestación de servizos, con relación a aquelas actividades profesionais que non entran dentro do campo de aplicación de dúas directivas precedentes: por unha parte, a Directiva 89/48/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa a un sistema xeral de recoñecemento dos títulos de ensino superior que sancionan formacións profesionais dunha duración mínima de tres anos (DO L 19, do 24 de xaneiro de 1989), a transposición da cal foi realizada mediante o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, sobre recoñecemento de títulos de ensino superior de nacionais de estados membros que esixan

unha formación superior mínima de tres anos. Este real decreto foi modificado posteriormente polas seguintes disposicións: o Real Decreto 767/1992, do 26 de xuño, mediante o que se inclúe nos anexos ó Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, a profesión de técnico de empresas e actividades turísticas; o Real decreto 2073/1995, do 22 de decembro, mediante o que se modifica o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, para adaptalo á entrada en vigor do Acordo sobre o espazo económico europeo do 2 de maio de 1992; o Real decreto 1754/1998, do 31 de xullo, polo que se incorporan ó dereito español as directivas 95/43/CE e 97/38/CE e se modifican os anexos dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, e 1396/1995, do 4 de agosto; e polo Real decreto 411/2001, do 20 de abril, polo que se exclúe a profesión de enfermeiro de enfermería xeral con especialidade dos anexos do Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro. E, por outra, a Directiva 92/51/CEE do Consello, do 18 de xuño de 1992, relativa a un segundo sistema xeral de recoñecemento de formacións profesionais (DO L 209, do 24 de xullo de 1992), que foi trasposta polo Real decreto 1396/1995, do 4 de agosto, polo que se regula un segundo sistema xeral de recoñecemento de formacións profesionais dos estados membros da Unión Europea e dos demais estados signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo (1994) e complementa o establecido no Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro. Este real decreto foi modificado posteriormente polo Real decreto 1754/1998, do 31 de xullo, polo que se incorporan ó dereito español as directivas 95/43/CE e 97/38/CE e se modifican os anexos dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, e 1396/1995, do 4 de agosto.

É preciso, en consecuencia, incorporar ó dereito español as normas que permitan aplica-lo previsto na Directiva 1999/42/CE, tendo en conta que a súa regulación afecta unicamente os nacionais dun Estado membro que se propoñan exercer, por conta propia ou allea, unha das actividades profesionais que fose regulada en España.

Para a elaboración deste real decreto efectuouse unha extensa rolda de consultas, na que se solicitou parecer sobre a tarefa de transposición ós diferentes departamentos ministeriais competentes por razón da materia, ós interlocutores sociais máis representativos e ás comunidades autónomas. Igualmente, participou nesta tarefa o Consello Económico e Social.

Como froito desta tarefa compartida, as normas de transposición que agora se aproban permitirán suprimir os obstáculos que puidesen existir aínda para a libre circulación e o libre establecemento no ámbito comunitario dos cidadáns dos países membros que están en posesión dos títulos ou cualificacións profesionais indicados, ós que non sexan de aplicación as disposicións dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, ou 1396/1995, do 4 de agosto, antes citados. Para unha mellor comprensión do campo afectado tanto pola Directiva 1999/42/CE, como pola presente norma de incorporación, inclúese como anexo ó articulado o anexo A da propia directiva, que recolle a lista de actividades incluídas no seu ámbito de aplicación.

Ademais, as disposicións adicionais deste real decreto introducen unha serie de modificacións de detalle nos anexos de profesións reguladas dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, e 1396/1995, do 4 de agosto, principalmente, co fin de incorporar novas profesións creadas con posterioridade á data de aprobación de tales normas.

Finalmente, tendo en conta que a directiva agora trasposta derroga unha serie de directivas anteriores, os contidos das cales son substituídos polos da nova directiva,